

BASES CONCURSO DE POSTAIS NADAL 2022

1- É obxecto deste concurso estimular a participación , desde os colexios, d@s nen@s nunha das datas máis significativas do ano: o Nadal

2- Poderán participar tod@s @s escolares do municipio das seguintes etapas educativas:

- Educación Infantil (4º, 5º e 6º)
- Educación Primaria (1º, 2º, 3º e 4º)

3- Os traballos entregaranse nas oficinas do rexistro do Concello da forma que segue:

- Na parte posterior da obra, achegarase o **nome e apelidos** d@ autor@, **curso escolar e centro** ao que pertence.
- O formato será libre sempre e cando estea contido dentro do **formato A4**.
- No caso de Educación Primaria, non se valorarán os traballos dunha clase cun mesmo modelo de postal para todos os alumn@s. Deber ser unha postal diferenciada para cada alumn@ xa que o premio é individual.
- Todos aqueles traballos que non respecten estes requisitos serán descalificados.

4- O prazo de presentación remata o **mércoles 14 de decembro** do 2022. A cualificación farase o xoves 15 de decembro ás 11:00 h na Biblioteca Municipal da Laracha.

5- Establécense nove premios que se repartirán en tres categorías:

- **CATEGORÍA A:** Educación Infantil, 1 premio por nivel (4º, 5º e 6º de Infantil)
- **CATEGORÍA B:** 1º E 2º de Primaria, 3 premios.
- **CATEGORÍA C:** 3º E 4º DE Primaria, 3 premios.

Os premios de Infantil serán de carácter colectivo (por aula). Os premios de Primaria serán de carácter individual.

Os premios consistirán en **xogos e/ou material educativo ou libros de lectura** adaptado ás idades d@s galardoad@s.

6- O xurado será nomeado polo departamento de Cultura, e un/unha representante de cada un dos CEIP do municipio (Ramón Otero Pedraio, Alfredo Brañas e Caión).

7- A listaxe de premiados publicárase na web alaracha.gal e no Facebook do Concello. Ademais, o Concello da Laracha comunicará aos/ás galardoad@s a decisión do xurado . @s gañador@s deberán recoller o seu premio no lugar e data que lles será comunicada.

8- A participación neste concurso supón a aceptación das presentes bases.



A Laracha 17 de novembro de 2022
O Alcalde José Manuel López Varela

